

O CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO PIDE AO MEC QUE PUBLIQUE TODOS OS TÍTULOS DE FP BÁSICA QUE SE CORRESPONDEN COS ACTUAIS PCPI

A imposición da aplicación pola vía rápida da LOMCE por parte do MEC implica a transformación dos actuais PCPI na FP Básica que comezará a impartirse o vindeiro curso.

No pasado mes de decembro o STEG, ante a presentación do proxecto de RD de implantación de dita FP, xa denunciámos a falta de diversos títulos de FP Básica para que se seguisen impartindo todos os PCPI en vigor, e nos diriximos ao Director Xeral de FP esixíndolle a publicación de ditos títulos.

A mesma esixencia trasladamos á Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado que informou sobre o proxecto de *“RD por el que se regulan aspectos específicos de la Formación Profesional Básica de las enseñanzas de formación profesional del sistema educativo, se aprueban catorce títulos profesionales básicos y se fijan sus currículos básicos”*, pois cremos necesario, e así llo fixemos saber ao MEC, a necesidade de que se regulen os títulos Profesionais Básicos do conxunto de Familias Profesionais existentes, pois si a regulación se limita aos que se publican neste RD estaríase limitando a oferta ao alumnado e se perderían postos de traballo.

O Ministerio comprometeuse a sacar 6 novos títulos, aínda que non quixo concretar para cando. O STEG esixe que sexa rápido, de tal xeito que poidan impartirse o vindeiro curso.

O STEG insta novamente al MEC e á súa Dirección Xeral de FP a que asuma e desenvolva estas propostas do Consello Escolar do Estado.

Secretariado Nacional do STEG
febreiro de 2014